

# 10 + 1 : Dez anos de compostaxe caseira e un ano de compostaxe comunitaria



María Lafuente<sup>a</sup>, Ramsés Pérez<sup>a</sup> e Manuel Soto<sup>b</sup>  
<sup>a</sup> ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) [www.adega.info](http://www.adega.info)  
<sup>b</sup> Universidade de A Coruña. Dpto. de Química Física e Enxeñaría Química.

## Coñecemento tradicional

Nas zonas costeiras da Galiza e Portugal tamén se empregan as algas como fertilizante. Cando se emprega compostado, o produto chámase argazo e as pilas son as argheiras. O ideal é deixar amoreadas as algas para que se laven coa chuva antes de engadirlas á terra ou ao composteiro. Para acelerar a súa descomposición pódese engadir esterco ou outros restos orgánicos ricos en nitróxeno. Comparándoas co esterco, as algas son máis pobres en fósforo e nitróxeno, pero máis ricas en potasio, sodio, magnesio e calcio, e dispoñen dunha gran cantidade de oligoelementos entre os que salientan o zinc, o ferro e o cobre. Alén disto, melloran as propiedades físicas do solo, como a súa estrutura, a súa permeabilidade ou a retención de auga.

Na Galiza ademais do denominado esterco, -abono resultante da mestura e fermentación dos restos vexetais, toxo, xesta, etc. e excrementos animais- obtíñase un tipo de "compost" resultante da xestión dos residuos orgánicos mediante a *esterqueira* ou *lixeira*. Lugar onde se acumulan os restos da cociña que non comían os animais, os da horta e o xardín até a súa descomposición, momento no se engadían de novo á terra. Esta práctica está aínda presente en moitas vivendas tanto do rural como de zonas periurbanas de toda Galiza.

## Que pasa agora cos nosos residuos?

Hoxe en día os residuos orgánicos recóllese mesturados coa fracción resto no mesmo contedor, son transportados varios Km até chegar a unha planta de xestión de residuos onde son incinerados ou botados a un macrovertedoiro. O 80 % de Galiza é xestionado mediante este sistema.

A mudanza do modelo tradicional de xestión dos residuos polo sistema "moderno" chegado das cidades, tan aséptico como despilfarrador dos recursos ten xerado importantes problemas ambientais.

## Recuperando os coñecementos tradicionais

### A compostaxe caseira

Mediante a compostaxe podemos xestionar os residuos orgánicos xerados no fogar, o programa de compostaxe doméstica de ADEGA consiste na cesión e instalación de composteiros en vivendas unifamiliares, este é un programa de acompañamento domiciliario polo que os participantes reciben tres visitas ao longo de sete meses, curso de formación, e avaliación.

Co programa de compostaxe ADEGA pretende dar a coñecer o proceso de fermentación dos residuos orgánicos procedentes da vivenda e facilitar o seu control para obtermos un compost de calidade.

### A compostaxe comunitaria

Nas zonas urbanas ou en barrios pódese instalar un composteiro de grandes dimensións para que os habitantes dos pisos poidan depositar os seus restos orgánicos. O composteiro comunitario tamén fai servizo ao concello xa que os restos vexetais dos parques son depositados nel aforrando custos de transporte e tratamento, no seu lugar convértese en compost que será devolto ao parque para abonar plantas e árbores, aforrando tamén o custo da merca deste substrato tan utilizado en xardinería.

En zonas de urbanizacións todos os residuos dos xardíns particulares, que a maior parte das veces rematan no contedor municipal, poderían ser triturados e asumidos polo composteiro.

## Resultados e conclusión

Os resultados dos programas ao longo dos dez anos demostran que a compostaxe é viábel na Galiza sendo triplemente beneficiosa tanto social, económica como medioambientalmente.

### Vantaxes sociais:

- Fomento do contacto das persoas coa natureza recuperando unha práctica tradicional da cultura galega.
- Presentase como unha ferramenta de educación ambiental e participación cidadá
- Comodidade do composteiro fronte ao contedor municipal, debido á instalación na propia vivenda e a ausencia de cheiros.
- A compostaxe comunitaria implica unha cohesión social e a recuperación de traballos comunitarios

### Vantaxes económicas:

- O participante obtén compost, un abono de calidade
- O concello aforra na recollida e na factura a empresa de tratamento de residuos
- O compost obtido dos restos vexetais de parques e xardíns pode ser utilizado como substrato para xardinería nos parques do concello, aforrando a súa merca

### Vantaxes medioambientais:

- O compost funciona como sumidoiro de CO<sub>2</sub>, co que axuda a paliar o cambio climático
- Diminuímos as emisións de co<sub>2</sub> asociadas ao transporte do lixo, xa que o lixo fica onde se produce
- Devolvemos materia orgánica aos solos, esencial para a fertilidade



Táboa 1. Programas de compostaxe caseira de ADEGA

Concello	Nº de composteiro	anos
Ferrol	156	2002/08/09/11
S. de Compostela	506	2003/04/05/07/11
Ares	15	2004
Mugardos	15	2004
Serra de Outes	15	2005
Ames	130	2005/06/08
Mios	290	2005/06/07/08/09
Ribadavia	50	2007
Carballada de Avia	50	2007
Ordes	50	2008
Carballo	50	2008
Carceda	50	2008
Abegondo	60	2008/09
Guitiriz	15	2008
San Sadurniño	80	2008/11
Fene	90	2008/09/11
O Porrino	100	2009/10
Vilasantar	50	2009
A Laracha	50	2009
Oroso	50	2009
Camariñas	50	2009
Cuntis	16	2009
Teo	30	2009
Carral	90	2009/11
Toques	20	2009
Melide	50	2010
Lalín	25	2010
Oza dos ríos	60	2010/11
Cangas	20	2010
Moaña	20	2010
Bueo	20	2010
Narón	24	2011
Cambre	50	2011
Poio	50	2011
Pontevedra	30	2012
<b>35 concellos</b>	<b>2.427</b>	<b>10 anos</b>

Táboa 2. Programas de compostaxe comunitaria e centros de ensino

Concello	localización	ano
Manc. de concellos da comarca de Ferrol	28 composteiros instalados en centros de ensino dos concellos de Neda, Fene, Ares, Mugardos, Cedeira e Valdeovinoso.	2010
Manc. do Morrazo	Parque das Lagoas (Bueu)	2011
San Sadurniño	Centro urbano	2011
Fene	Parque a volta do Castro	2011
Poio	A seca	2012
S. de Compostela	Hortas comunitarias de Belvís	2012




Figura 1. Realizáronse os análises nos concellos de Ordes e Carballo e como en ocasións anteriores a concentración de metais pesados son mínimas polo tanto a calidade do compost é excelente, clase A, válido para agricultura ecolóxica segundo os parámetros da U.E.